

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PROFESORES CONTRATADOS

DOUTORES PARA O CURSO 2005/2006

(Consello de Goberno do 14/07/05)

De acordo co establecido nos Estatutos, a Universidade de Vigo poderá contratar mediante concurso de acceso, profesorado contratado doutor entre doutores que acrediten polo menos tres anos de actividade docente e investigadora, ou prioritariamente investigadora, posdoutoral, avaliada positivamente polo órgano de avaliación externa correspondente.

O artigo 16 do Regulamento de Profesorado determina que os concursos de acceso polos que se seleccionan os profesores contratados doutores estarán regulados pola normativa que aprobe o Consello de Goberno. Na normativa debe indicarse a composición e características das comisións de selección así como as fases do concurso.

O Consello de Goberno, na súa sesión do día 14 de xullo de 2005, acorda que a selección de profesores contratados doutores debe axustarse ao seguinte procedemento:

COMISIÓNS DE SELECCIÓN

1. Composición:

As comisións de selección serán aprobadas pola Comisión de Organización Académica e Profesorado a proposta do Consello de Departamento. Estarán formadas por cinco profesores da área de coñecemento correspondente (ou no seu defecto de áreas afíns), de dentro ou fóra da Universidade de Vigo e de titulación, categoría e dedicación igual ou superior á de profesor contratado doutor.

O presidente da comisión será un Catedrático de Universidade con alomenos dous sexenios de investigación.

Os restantes membros da comisión que pertencen aos corpos de funcionarios docentes deben contar co recoñecemento dos períodos de actividade investigadora establecidos na normativa da Universidade de Vigo que regula os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes. Nas áreas nas que non sexa posible completar a comisión con profesores da Universidade de Vigo, poderán formar parte da mesma funcionarios dos corpos docentes sen ese requisito.

2. Designación:

O Consello de Departamento remitirá ao Consello de Goberno a seguinte proposta:

- Presidente titular e presidente suplente
- Secretario titular e secretario suplente
- Tres vocais titulares e tres vocais suplentes.

CONCURSO

1. A Comisión deberá constituirse no prazo de un mes desde a publicación da relación definitiva de admitidos e excluídos. No acto de constitución elaborará e fará públicos os criterios de valoración, que recollerán, nos apartados susceptibles de facelo, a experiencia académica dos candidatos que tiveran desempeñado funcións relacionadas coas necesidades docentes e investigadoras expresadas pola universidade na convocatoria.
2. O Presidente da comisión convocará aos concursantes ao acto de presentación cunha antelación mínima de dez días hábiles, indicando lugar, data e hora para realizar o acto de presentación.
3. No acto de presentación, os concursantes entregarán por sextuplicado o curriculum vitae no que detallarán os seus méritos, historial académico docente e investigador, así como un exemplar das publicacións e dos documentos acreditativos do consignado no mesmo.
4. Neste mesmo acto determinarase, mediante sorteo, a orde de actuación dos candidatos e a Comisión fixará e publicará o lugar e hora de comezo da proba, a cal deberá iniciarse no prazo máximo de dez días hábiles, a contar desde o día seguinte ao acto de presentación.
5. Os concursos de acceso, que se realizarán en dependencias da Universidade de Vigo, constarán dunha única proba, que será pública e que consistirá na exposición oral, durante un tempo máximo de noventa minutos dos méritos e historial académico, docente e investigador. A continuación, a comisión debaterá co candidato durante un tempo máximo de dúas horas sobre os seus méritos e a cualificación da súa formación e experiencia en relación coas necesidades docentes e investigadoras da universidade expresadas na convocatoria, así como sobre a súa adecuación ás mesmas.
6. Finalizada a proba, cada membro da comisión entregará ao Presidente un informe razoado, axustado aos criterios previamente establecidos pola propia Comisión.
7. Para superar a proba é necesario obter, alomenos, tres votos favorables dos membros da comisión.

PROPOSTA DE PROVISIÓN

A proposta de provisión da praza realizarase polo sistema de votación, sen que sexa posible a abstención. A comisión propondrá ao Reitor, motivadamente e con carácter vinculante, unha relación dos candidatos que superaron a proba, por orde de preferencia para o seu nomeamento. A comisión poderá propondor a non provisión da praza xustificando esta decisión.

O tempo transcorrido entre a publicación da convocatoria e a resolución do concurso non poderá exceder de catro meses.

RECLAMACIÓNS

Contra a proposta da Comisión de Acceso, os candidatos admitidos ao concurso poderán presentar reclamación ante o Reitor da Universidade de Vigo no prazo máximo de dez días hábiles. A reclamación será valorada pola Comisión de Reclamacións que resolverá no prazo máximo de tres meses.